




Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

Haití. Domingo 7/3/04



Domingo trágico

Crónica dun país tralas imaxes do fotógrafo vigués Javier Teniente

S. Noia e A.R. López

Presenta o escritor Eduardo Galeano a Haití como o país máis pobre do hemisferio occidental. “Alí hai máis lavapés que lus-trabotas: nenos que a cambio dunha moeda lavan os pés de clientes descalzos, que non teñen zapatos para lustrar”. Para consumo interno, cultívanse ásperas ladeiras de montañas. Tampouco faltan talleres onde os nenos traballan por un dólar diario, armando casetes e pezas electrónicas. Un país tan pobre e tan negro onde, como apuntou o fotógrafo vigués Javier Teniente logo da súa volta da illa, “todo é imprevisible”. Como o domingo 7 de marzo do 2004, cando a manifestación da vitoria, a marcha de apoio o líder Guy Philippe, se converteu –tras un “imprevisible” tiroteo– nun relato da incredulidade e o pavor. O Haití visto por Teniente son as imaxes dunha crónica aínda por escribir que rematou coa vida dun colega, Ricardo Ortega, e á que este monográfico da RDL se aproxima, na sucesión de sancións, mortes e bloqueos encadeados trala longa e devastadora política de intervención dos EEUU

A violencia máis sanguenta e o permanente estrago económico marcan a historia de Haití, que unha vez foi a colonia máis rica de Francia e hoxe é o país máis pobre de América.

“Rico como un creole” era unha frase popular na Francia do XVIII; calcúlase que, a mediados do século, o volume de comercio entre Francia e a súa colonia era superior ó de Inglaterra co conxunto das súas 13 colonias norteamericanas. Pero en 1789 a revolución francesa cambiou drasticamente o panorama, non só en Europa, senón tamén nas colonias ultramarinas.

En 1791, estala en Haití –despois, Santo Domingo– a primeira rebelión de escravos no novo mundo, dirixida por un africano de nome Boukman –metade libertador, metade meigo vudú– que cuñou unha frase moi utilizada nos séculos seguintes: “Liberdade ou Morte”. Aínda que a rebelión non callou, serviu para que Francia abolise a escravitude en 1794 e deu pé a que un cocheiro negro nado na parte española da illa, Touissant Louverture –“O centauro da sabaña”– se convertese en líder dos antigos escravos.

En 1801 Touissant proclamouse “Gobernante Perpetuo” e ó ano seguinte, el, que nunca quixo romper os lazos de Santo Domingo con Francia e sempre recoñeceu o liderado de Napoleón, rematou prendido nun castelo dos Alpes. Alí morreu de pulmonía en 1803; Napoleón, que sentía un enorme desprezo pola xente de cor, negoulle tratamento pois “ó ser a constitución dos negros totalmente diferente á dos europeos, libereinos de médico e cirurxián, que lle serían inútiles”, escribiu o curso.

O 1 de xaneiro de 1804, un africano chamado Jean-Jacques Dessalins proclamou a independencia da nova nación, á que chamou Haití, nome que, na linguaxe dos indios arauacos, primitivos poboadores da illa, significaba “Terra alta”. Haití converteuse na primeira república negra do mundo e o segundo país independente de América, tras os Estados Unidos.

Dessalins, que combatera xunto a Touissant, era un home especialmente sanguento: nunha soa mañá, aforcou 500 prisioneiros franceses, e dixo que lograría os seus propósitos “aínda que o meu cabalo teña que andar bañado en sangue ata a cadeira”. Un dos seus lugartenentes, Boisrond Tonner, escribiu a declaración de independencia que aínda hoxe aparece nas paredes do congreso haitiano: “Para escribir esta acta de independencia, usaremos a pel dun home branco como papel, o seu cranio como tinteiro, o seu sangue como tinta e unha baioneta como pluma”.

Dessalins proclamouse emperador en 1805 e foi asasinado en 1806, despois de decretar a persecución dos mulatos, máis cultos e europeizados que os antigos escravos negros e ós que temía como herdeiros naturais do poder europeo. Á súa morte, a república divídese: o mulato Alexandre Pétion queda co sur da illa, e Henri Christophe proclámase Emperador no norte. Christophe, enfermo e medio paralítico, morreu na soidade da Citadelle Laferrère, megalítico forte construído preto de Cabo Haitiano para deter unha hipotética invasión francesa. Suicidouse en 1820, cunha bala de prata, segundo a lenda.

No sur, Jean Pierre Boyer sucedera a Pétion en 1818, e, á morte de Christophe, unificou o país e ocupou a parte española da illa ata 1843, cando foi derrocado tras unha guerra civil, que supuxo novamente a división da illa. Desde ese momento e ata 1915, nada menos que 22 dictadores distintos rexeiron os destinos de Haití; o último foi Guillaume Sam, propietario do mítico Hotel Oloffson, no que viviu Graham Greene e no que situou a acción da súa no-

vela ‘Os Comediantes’. Sam morreu asasinado en 1915. Así describía o suceso o diario londinense ‘The Times’: “Unha multitude de enfurecidos haitianos sacou o seu presidente da embaixada francesa e deulle morte a tiros. Despois, desmembraron o seu corpo e desfilaron polas rúas da cidade cos anacos colgados de paos”.

O asasinato de Sam foi a escusa que levou á intervención de Estados Unidos, que invadiu Haití ó día seguinte e permaneceu alí ata 1934, ano no que deixaron na Presidencia a Stenio Vicent, quen inmediatamente se proclamou dictador. Vicent foi derrocado en 1941, mentres estaba fóra do país –o que, vista a historia de Haití, probablemente salvou a súa vida–, polo seu ministro do Interior, Elie Lescot, que á súa vez caeu en 1946 e foi substituído por unha xunta militar encabezada polo Coronel Paul Magliore.

Tras unha sanguenta campaña electoral, foi electo presidente Dumarsais Estimé, que nomeou Ministro de Saúde a un mozo doutor que habería de marcar a historia de Haití: François Duvalier. En maio de 1950, Estimé foi derrocado, novamente por Magliore, que foi “electo” Presidente en outubro. En 1956 unha serie de revoltas e atentados terroristas forzaron a Magliore a exiliarse: en setembro de 1957, Duvalier, tras meses de clandestinidade eludindo a policía e os seus rivais políticos, foi electo presidente de Haití. Xa nunca máis volveu deixar o poder: proclamouse “Presidente Perpetuo” e, ata a súa morte en 1970, levou o país con man de ferro, utilizando para iso a represión –encarnada pola policía e os temidos ‘Tonton Macoute’ (literalmente, ‘home do saco’)— e o temor supersticioso ó vudú, que coñecía e practicaba. En 13 anos de goberno, Duvalier frustrou proxectos de golpe de estado –uns reais, outros imaxinarios– e rexeitou dúas invasións guerrilleiras –unha de 30 persoas e outra de 29 (‘Os Camoquin’, nome dunha pílula antimalaria)– e unha invasión por mar de oito homes. Á súa morte, sucedelle, cal se de familia real se tratase, o seu fillo Jean Claude, que conseguiu manterse no poder aínda máis que o seu pai: 16 anos, ata que foi obrigado a exiliarse en 1986. O primeiro presidente da era postduvalista foi Leslie Manigat, herdeiro das familias conservadoras do norte da illa. Manigat sería derrocado por un golpe de estado encabezado polo tenente xeneral Henry Namphy en 1988, que gobernou o país ata a remuda de Porsper Avril, que aceptou a presidencia do goberno militar “co obxecto de salvar o país da anarquía e o caos”. Pero o 14 de outubro de 1988 e o 2 de abril de 1989, o Goberno de Avril enfrontou dous intentos de golpe de Estado. A agravación dos conflitos en Haití impediron que o Goberno do xeneral Prosper Avril concretase a invitación antes de ser substituído polo Goberno provisional de Ertha Pascalacón, que prepararía as eleccións de decembro de 1990, das que saíría elixido Aristide.

Índice de fotos: Na portada, un momento da manifestación do 7 de marzo do 2004. Páxina 2, os primeiros momentos da manifestación de apoio a Philippe, marcados pola alegría. Páxina 4, Partidarios de Aristide. Páxina 5, armamento rebelde. Páxina 6, Chimères. Páxina 7, home de Philippe. Páxina 8, unha muller que asistía á manifestación. Páxina 9, queima dunha bandeira. Páxina 10, xente fuxindo tras o tiroteo contra a manifestación de partidarios de Aristide. Á esquerda, de costas cunha mochila, Ricardo Ortega, o periodista de Antena 3 que morrería nesa manifestación de dous disparos. Páxina 11, O líder Guy Philippe entre os seus soldados. Páxina 12, rapaz morto na rúa. Páxina 13, morto no tiroteo tras a manifestación. Páxina 14, morto no tiroteo. Páxina 15, marines norteamericanos patrullando as rúas.

A crise en Haití comezou en decembro do 2002 coas primeiras folgas xerais e os primeiros enfrontamentos entre opositores e partidarios do presidente Aristide. Pero a situación agravouse en setembro do 2003 co asasinato en Saint Marc de Amiot Metayer, xefe do grupo violento 'Exército Caníbal' e antigo aliado de Aristide, que desencadeou violentas protestas en Gonaives. Estes son os feitos máis relevantes da sangrenta crónica desde a chegada de Aristide ó poder:

-16 de decembro de 1990: Jean-Bertrand Aristide, líder da Fronte Nacional para o Cambio e a Democracia (FNCD), vence por ampla maioría (67,5 %) nas segundas eleccións presidenciais tras a ditadura dos Duvalier, que gobernou o país entre 1957 e 1986.

-30 de setembro 1991: Aristide é derrocado por un golpe de Estado encabezado polo xeneral Raoul Cedrás e marcha ó exilio.

-8 de outubro de 1991: A OEA aproba por unanimidade o embargo comercial e financeiro contra Cedrás como medida de presión para a reposición no poder de Aristide.



-16 de xuño de 1993: O Consello de Seguridade da ONU decreta sancións que inclúen o embargo petroleiro e de equipos militares, así como o boicot marítimo e terrestre.

-3 de xullo de 1993: Dante Caputo, negociador pola OEA e a ONU, consegue un acordo para o regreso de Aristide o 30 de outubro e a renuncia de Cedrás. Ambos os dous asinan o acordo na Illa do Gobernador de Nova York, pero o incumprimento do pacto leva o Consello de Seguridade a restablecer o embargo.

1 de xuño de 1994: Aristide pídelles a EEUU unha intervención militar que o devolva ó poder.

18 de setembro de 1994: O ex presidente de EEUU Jimmy Carter, mediador na crise, alcanza un acordo con Cedrás. O pacto contempla o envío de tropas norteamericanas, amnistía, levantamento do embargo e eleccións.

-17 de decembro de 1995: O oficialista René Préval gaña as presidenciais (87,9 por cento dos votos), sen concorrencia da oposición.

-4 de novembro de 1996: Aristide crea o parti-



do Familia Lavalás para lanzar a súa candidatura presidencial do 2000.

-26 de novembro de 2000: Aristide gaña as presidenciais (91,69 por cento dos votos), cunha participación baixa e sen a concorrencia da oposición, nin presenza de observadores.

-17 de decembro de 2001: Fracasa o intento de golpe de Estado encabezado polo ex xefe de policía Guy Phillipe.

-Agosto de 2002: Comezan as protestas en Gonaives contra Aristide.

-23 de setembro de 2003: A aparición do cadáver cribado do paramilitar Amiot Metayer, antes aliado e agora adversario de Aristide, dispara o clima de violencia nas rúas de Gonaives ó culpar do asasinato ó presidente.

-Outubro de 2003: Os enfrontamentos coa policía e os actos de violencia en Gonaives deixan nun mes case unha ducia de mortos.

-31 de outubro de 2003: Morre tiroteado en Porto Príncipe Roodson Lamine, xefe dun



grupo leal a Aristide, pero os seus seguidores denuncian ó presidente por esta morte.

-18 de novembro de 2003: Comezan as celebracións do bicentenario da independencia con escasa participación civil e diplomática. Os partidos políticos do país son a Organización do Pobo en Loita (OPL, antes Organización Política Lavalás); a Familia Lavalás, de Aristide, unha escisión da OPL; a Fronte Nacional para o Cambio e a Democracia (FNCD); a Alianza para a Democracia e o Progreso (ANDP), o Partido Louvri Bary (PLB); o Partido do Congreso dos Movementos Democráticos (KONAKOM). Xeración 2004, Haití Capaz e a Confederación Unidade Democrática (KID.

-16 e 17 de decembro de 2003: Folga xeral convocada pola sociedade civil e a oposición en demanda da saída do poder do presidente, que chama ó diálogo.

-Do 23 ó 25 de decembro de 2003: Doce persoas mortas en enfrontamentos coa policía. As protestas continúan ata finalizar o ano.

-1 de xaneiro de 2004: Finalizan os actos do bicentenario da independencia con manifes-



tacións en varias cidades e a promesa de Aristide de eleccións no 2004.

-7 de xaneiro de 2004: miles de haitianos avanza desde a periferia á capital nunha marcha contra Aristide, que finaliza con tres mortos e unha vintena de feridos.

-8 e 9 de xaneiro de 2004: Folga xeral da oposición, que rexeita a petición do Caricom (Comunidade Económica do Caribe de fala inglesa) de negociar co Goberno.

-12 de xaneiro de 2004: No último pleno da Lexislatura o Parlamento pídelles ó presidente a convocatoria de eleccións, pero a oposición rexéitaas se antes Aristide non deixa o poder.

-31 de xaneiro de 2004: Aristide reúne con dirixentes do Caricom e acepta aplicar as súas propostas: nomeamento de primeiro ministro independente, reforma da policía, consello electoral neutral e liberar os opositores. A oposición négase a negociar e proseguen os disturbios.

-5 de febreiro de 2004: A Fronte de Resisten-



+

cia Anti Aristide –liderados polos rebeldes Guy Philippe e Louis Jodel-Chamblain, faise co control de Gonaives e nos enfrontamentos morren doce persoas leais ó presidente. Philippe e Chamblain eran antigos colaboradores do réxime militar que en 1991 derrocara a Aristide.

-11 de febreiro de 2004: A Fronte de Resistencia pide a unión de todas as cidades levantadas para formar unha alianza de liberación e reconstrución nacional. Polo menos catro persoas morren nun asalto policial e de civís armados á sede dun partido opositor en Saint Marc en demanda da saída do poder do presidente, que chama ó diálogo.

-12 de febreiro de 2004: A Plataforma Democrática de Haití suspende a manifestación para esixir de novo a renuncia de Aristide por razóns de seguridade e ante o clima de intimidación que reina na capital. Polo menos cinco persoas morren na cidade de Saint-Marc.

-13 de febreiro de 2004: O secretario norteamericano de Estado, Colin Powell, e dirixentes da Caricom advirten nunha reunión celebrada



en Wháshington que non aceptarán ningún novo Goberno en Haití xurdido dun golpe de estado.

-15 de febreiro de 2004: A manifestación convocada polos opositores do presidente Aristide suspéndese pouco despois de comezar por desacordos entre manifestantes.

-16 de febreiro de 2004: Os rebeldes capturan a cidade de Inche.

-22 de febreiro de 2004: Os rebeldes, que controlan practicamente todo o norte de Haití, a zona máis conservadora, toman Cabo Haitiano, a segunda cidade do país, mentres os mediadores internacionais tentan negociar un proxecto para solucionar a crise.

-23 de febreiro de 2004: Estados Unidos, que negara ata aquel momento calquera posibilidade de intervención en Haití, envía cincuenta marines para protexer o persoal da súa embaixada en Porto Príncipe. Horas antes, Francia e a Alemaña pedíranlles ós seus cidadáns que abandonasen a illa. A oposición



rexeita o proxecto de paz dos mediadores internacionais e insiste en que Aristide debe exiliarse.

-24 de febreiro de 2004: Os rebeldes atacan Port-de-Paix e avanza cara a Porto Príncipe. Aristide pide á oposición que acepte o proxecto de paz e fai un novo chamamento á comunidade internacional para que o axude.

-25 de febreiro de 2004: Os rebeldes están ás portas de Porto Príncipe, onde se producen xa enfrontamentos e saqueos no medio das barricadas instaladas polos partidarios de Aristide. Francia propón que se estableza de forma "inmediata" unha "forza civil de paz" en Haití e di que Aristide é en gran parte responsable da crise. EEUU estuda enviar unha forza de seguridade. Canséanse a maioría dos voos aéreos e suspéndese a evacuación da colonia española por razóns de seguridade.

-26 de febreiro de 2004: Os rebeldes esperan ordes para dar o asalto a Porto Príncipe que amañece en medio do caos. Residentes estranxeiros, entre eles algúns españois, e persoal da ONU saen de Haití.



-27 de febreiro de 2004: Francia pídlle a Aristide que deixe o poder. Os rebeldes, tras tomar a cidade de Mirebalais, seguen para a capital, onde se producen saqueos e tiroteos.

-28 de febreiro de 2004: Unha reunión celebrada entre membros do goberno haitiano e diplomáticos estranxeiros no Pazo Presidencial, custodiada por "marines" estadounidenses, abre a porta ó abandono do poder por parte de Aristide.

-29 de febreiro de 2004: O presidente Aristide abandona de madrugada o país en circunstancias aínda non esclarecidas. Desde Bangui, na República Centroafricana, primeira etapa dun periplo á procura dun asilo definitivo, o derrocado presidente asegura que continúa sendo o líder haitiano e acusa a EEUU de secuestralo, ó tempo que insta a poboación para "resistencia" ante unha "ocupación inaceptable". "Continúo sendo o presidente elixido e en nome dos que me escolleron rogo a restauración da orde constitucional" en Haití, dixo na súa primeira aparición pública.

-30 de febreiro do 2004: Tras a fuga de Aristide



de, noméase presidente provisorio ó titular da Corte Suprema de Xustiza, Boniface Alexandre, que fai un chamamento á reconciliación e promete eleccións libres para o ano 2005.

-7 de marzo de 2004: Un tiroteo realizado por supostos partidarios de Aristide contra participantes nunha masiva manifestación pacífica deixa case corenta mortos e 38 feridos. Entre os mortos, figura o xornalista Ricardo Ortega –que recibiu dous balazos– e resulta ferido o fotógrafo estadounidense Michael Laughlin.

-15 de marzo de 2004: O ex presidente Aristide, tras un longo periplo que o levou por distintos países, establécese en Xamaica. O goberno concedeulle permiso para permanecer na illa caribeña a condición de non realizar actividade política ningunha, mentres espera que algún outro estado lle dea asilo.

-1 de maio de 2004: Dous meses despois da saída de Aristide, a ONU decidiu enviar unha misión de paz, que deberá substituír o 1 de xuño a forza de paz sostida por Francia, o Canadá e Chile. A ONU pretende enviar a Haití



un total de 6.700 militares e 1.622 policías civís, unha cifra que non vai resultar nada fácil reunir. Algúns membros do Consello, entre eles Chile, confían, non obstante, en que os países da rexión asuman parte deste compromiso e que o fagan para un longo prazo, como solicitou o secretario xeral, Kofi Annan. O presidente de Brasil, Luiz Inacio Lula da Silva, podería enviar uns 1.400 soldados. O mandato desta nova operación de paz será inicialmente de seis meses, en lugar dos dous anos que Annan solicitara. A situación en Haití, aínda que mellorou desde fins de febreiro, segue sendo complicada. Hai grupos armados que rexeitan depor as armas e a criminalidade vai en aumento, especialmente o roubo de materiais e comida. Así mesmo, continúan os ataques contra a infraestrutura do país e o recrutamento de nenos para dedicalos á delincuencia, pese ás continuas denuncias contra estas prácticas. Un estudo da Organización dos Estados Americanos e do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) indica que unhas 25.000 persoas no país teñen armas. Seguidores de Aristide, convencidos aínda de que o gobernante foi vítima dun sequestro para obrigalo a abandonar o país,



manifestáronse o 29 de abril para pedir o seu regreso.

3 de maio de 2004: Desígnase o novo Consello Electoral Provisorio en Haití, encargado de organizar as eleccións previstas para o ano 2005. O consello –onde non está representada a Familia Lavalás, o partido do ex presidente, por non ter proposto un candidato antes do prazo establecido–, fórmano representantes dos sectores políticos, as igrexas, o poder xudicial, o sector privado e os organismos de dereitos humanos. Dos seus nove membros, un quedou sen designar, feito no que algúns ven unha posibilidade de recuperar finalmente a Familia Lavalás para o proceso electoral e proporcionar así unha maior estabilidade política. Os dirixentes deste partido estiman que non existen condicións para permitir a súa participación nos comicios. O ex deputado Rudy Herivaux, responsable de comunicación do partido, considera que os seus membros son “perseguidos” nun ambiente de “represión”.







C-unha aperta

Florenco
25-VII-97

Coordinación: A.R. Lopez e Sociedade Neia;
Deseño: Signum. Maquetación: Xitón Lopo;
Fotografía: Chico Miras. Correo: rdl@xocisla-hoxe.com

© Xocas experimentador





Don **Xoaquín**

debuxante humorístico

A. Vázquez-Monxardín

Polas numerosas entrevistas concedidas por don Xoaquín nos seus últimos anos de vida, sabemos como el e seu irmán Xurxo aprenderan debuxo directamente do pai, entre outras cousas notable humorista gráfico que asinaba como 'Tabarra'. Logo perfeccionarán a técnica na academia de don Luís Fernández-Xesta e na Escola de Artes e Oficios da Deputación de Ourense. Precisamente nesta última don Xoaquín, xunto con Valentín Fernández Hermida, elaboraron as maquetas de casas inspiradas nas construcións de Calvos de Randín, que, destinadas orixinalmente ao Seminario de Estudos Galegos, hoxe podemos ver no Museo do Pobo.

Neste ano gábase moito a súa extraordinaria capacidade de síntese do dato e de captación do detalle nos seus debuxos etnográficos. Boa proba son os que integran o volume II da Historia de Galicia e a maioría dos seus artigos etnográficos e arqueolóxicos, ou os inéditos que existen nos seus museos: o do Pobo e o Arqueolóxico de Ourense. Non obstante, é case descoñecida a súa faceta ocasional de debuxante humorístico, da que, con todo, temos algunhas mostras.

En 1935, Cuevillas, aqueixado dun dos seus primeiros ataques de reuma, non pode ir escavar ao castro de Troña e envía a Xoaquín como os seus "ollos e mans". Desde Mondariz, don Xoaquín envíalle unha historia en oito debuxos, xunto cunha nota que dicía "Pra lle entregar a Cuevillas, previa invitación aos membros do partido, pra amolalo máis, a presencial-a entrega. Unha aberta. Xocas".

Os oito debuxos amosan unha absoluta economía de liña que nos leva a pensar en Castelao ou Bagaría, por exemplo. No primeiro vese a Cuevillas prostrado no seu sillón co pé vendado. No segundo, le unha carta a el dirixida de propaganda que pon "Risco Bruxo, precios módicos". No terceiro, Cuevillas dacabalo dun burro vai tomar consulta. No cuarto Risco, xunto cun moucho e un gato observan a un Cuevillas coa cabeza abaixada. No quinto debuxo, Risco co seu gorro de meigo e unha variña máxica pronuncia palabras máxicas diante dunha bóla. No sexto, a máxia desenvólvese en ondas. No sétimo, don Floro tira coas muletas e brinca alegre tocando a pandeireta recuperado. Por fin, no último, coa cámara de fotos e trípode pregrado baixo o brazo, volve ó castro. Hoxe o orixinal desta serie, publicada no seu día, aínda que atribuíndolla a Vicente Risco, por Carlos García Martínez, en De alicerces e devocións, Fundación Otero Pedrayo, 1999, encóntrase en poder da familia Cuevillas.

Precisamente do ano 1935 son outras dúas caricaturas, agora asinadas ambas, correspondentes a Filgueira Valverde e Castelao -esta moi semellante á anterior de Cuevillas-, integradas nun curioso opúsculo titulado Romance dunha fatal ocasión, da autoría de Xosé Fernando Filgueira Valverde, que consta de oito follas nas que se relata humorísticamente o traballo dos seminaristas, coa pretensión de enviarllo a Castelao no seu exilio de Badaxoz. A obriña, como declara na portada, con letra de Xoaquín Lorenzo, ten "caligrafía de todo-los seminaristas. Portada de Laxeiro. Dibuxos de Gómez

Romero, Risco, Lorenzo e Hermida". O orixinal debe estar no Museo de Pontevedra; Nós consultamos unha fotocopia que lle enviou Filgueira a Xoaquín Lorenzo e que está no Museo Arqueolóxico de Ourense.

De 1937 é unha caricatura en cores de Vicente Risco presentado coa boina vermella dos carlistas.

Do ano 1948, segundo deduce Francisco Fariña polo nome dos asinantes, entre o que se encontra seu pai don Luciano, é outra broma de escavacións a un Cuevillas que non pode asistir pola súa doenza, e que leva a sinatura e un curioso debuxo de Xoaquín Lorenzo, en cores, onde a través dos raios X se ve o corpo de Cuevillas inzado de restos arqueolóxicos: torques, puñais de antenas, fíbulas, fusaiolas...

O texto, pentalingüe, combina castelán, galego, latín, catalán e euskera -linguas coñecidas por alomenos un dos asinantes- e remata cunha sutileza soez para iniciados na cultura popular, "Cando do reuma se trata, a cabezalla do carro". Ou sexa, "que non hai que lle facer", por boas palabras. Tamén está esta dobre cuartilla en mans da familia Cuevillas.

.....
O debuxo da páxina anterior, realizado por Xocas, titúlase 'Radiografía de Cuevillas'. Na páxina 3, banda deseñada de Cuevillas por Xocas da serie que continúa nas páxinas 9, 10 e 11. A imaxe de portada corresponde a caricatura de Vicente Risco sendo as da páxina 7 a de Castelao e a 8 a de Filgueira Valverde. O poema incluído neste monográfico é inédito

Radio-Diagnóstico do Prof. Yepes

TEMA:

No existe manera fiel
de expresar en las cuartillas
la tristeza honda y cruel
por la ausencia de Cuevillas

Pasado el paleozoico
llegose D. Florentino

al consultorio animado

del eminente científico
ocultista Dtor. Yepes.

Ait sic Dominus Yepes:
"spelunculae" viro qui vocatur
Inest genibus morbus
iTantis rebus quam felix res!

- Em trobo molt ensorrat
de dia i de nit somnfo
els ossos em fan molt mal,
tins un reuma que deliro

Voga voga aita Cuevillas
aizgorri, su da arkeologik
Es de nikiku siku
Zure Gallaikak arkeologik

Por eso, Sr. Cuevillas,
no corpo ten incrustados
pedras, ferros e penedos
dos castros orixinarios

cunha fíbula de largo
de marca de fisilhao
tena enclavada a bo fé
no alto do seu corpao

Ten unha espada d-antenas
mesmo xunto do embigo
mais non consinte esporalo
pois teno moito escondido


Torques de bronce na ingle
ten o noso esqueletiño
ten dous, mais eu aseguro
sonvos do mellor feitizo;

fusayolas decoradas ténvolas a cotío
e dispois de exploradas
cantan po-lo buraquiño


Non hai outra solución
si o enfermo quere curar
que permitir ós doutores
que o corpo deixe escavar.

Xoaquín Lorenzo, Luciano Fariña Couto,
Basilio Osaba y Ruíz, Xesús Ferro Couselo,
Carlos Vázquez, Alfonso Vázquez Martínez,
I. Saura Falomir, Jesús A.S. Frades.

Ex libris
Don Florentino
péchase en linguaxe o texto
Mais non hai paso posible.
Cando do reuma se trata
a cabezalla do carro.



Aos pinos leite sucederan
 Pedagógicas lobadas:
 Natillas de crema loira
 Vetas do ribeiro alxaran
 Os Estudos se divirten
 Do Fervador na pousada.
 Un San Xohán de camas tortas
 polo faxillo deitaran
 colchóns que caen na rúa,
 lorta de almofadas brancas,
 espritos de roxas colchas
 e monecas malfadadas.
 baí o "brío" do Buevillas
 do Risco a torce a cama...
 O casto leite luxaran
 de Filgueira, con Esolinda
 feita de un mollo de palla.
 Roman arredado alvirten
 de lalin os cantos guardas.
 Oros, vándalos e aldrís
 El Riso a cámara jogan
 Mentea Niquier leonan
 nocturnos, h' étnico arman
 de Ferrais a Ponaleiro
 todo o pobo se esparten
 menos o alcaide maior
 que na cama se quedara.
 Do Porto chegaran logo.
 O Santos Interior das augas
 visitas de xente esgrevia
 ao nobre povo enfeitaran




agora o Fisterra chama,
Can Bardeaso vai-se
- báculo, toxa, cana da -
para de verbal i-escuma,
primeiral de bod faber.


Brattas nos longos camiños
sin Ranga perdido estaba,
marrete de ferro ao lombo
linole ao colo deitaba
roxo do rol dos centos
mouro do pb das estradas


Tres escribanos viñeran
con Duro en Santa Compa
remexeran os arquivos,
tercio e quinto melloraron;
os munitos de maquia
a ma predica escoitaban.


Pol-os papeles sacaron
parentesco co Taboada,
curmión de reises antergos,
neto de fidalgas fadas,
cau do palleiro da historia
forestal de árbores e casais.

Redret eles dixera xa
zermora das trece palabras.
que retomeen os vellos
nos leitos de tres fazadas
Oitenta verbas collera
oitenta verbas sacara
oitenta froitas de mel
que roio pra si fardera.










Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com



¿Hai alternativas ó 17 de maio?



Manifestación pola lingua con ocasión do Día das Letras do ano 1998 en foto de Antonio Hernández. Na páxina 5 e na imaxe da dereita, ofrenda en homenaxe a Francisca Herrera no 1987 nun acto presidido polo daquela presidente da RAG, García Sabell (na foto co alcalde da Coruña, Francisco Vázquez. Á esquerda, o académico Alonso Montero na lectura do discurso na sesión plenaria da RAG en homenaxe a Frei Martín Sarmiento no 2002. Na imaxe da páxina 6 corresponde a Xaquín Lorenzo 'Xocas' a quen se lle adicou este ano o 17 de maio. Na 7, unha marcha en defensa da lingua na Coruña no ano 1991

Pasou o 17 de maio. E caeu en luns. “Cadrou nunha ponte e acabouse” comentan moitos na espiral do sector cultural dun país que busca sol para marcarse tres días vacacionais na praia. Ou patinar... Pensar ‘un outro Día das Letras’. Idear unha xornada para a cultura e a emoción das letras. Apelar á busca de alternativas ao actual desenvolvemento do 17 de maio é unha das demandas que penden dunha data que, para a maioría, leva anos sendo “unha efeméride litúrxica” e que, para outros, “deixou de cumprir a función dos seus fundadores”: ser a festa do libro e a cultura galega. ¿Hai alternativas? ¿Cumpre o Día das Letras coa función que lle deu orixe e desenvolvemento? ¿Como encamiñar o potencial de apoio á Cultura e á lingua do país nun momento en que tanto os índices de lectura como os

Outro mundo é posible?

Letras galegas

de galegofalantes está descendendo e hai voces de alarma respecto da súa transmisión? Revista das Letras aproximase á cuestión nun monográfico que chega despois da resaca do 17 maio, unha xornada na que, despois de varios anos, deixou de convocarse a habitual manifestación en Compostela para reclamar unha política de normalización lingüística acorde coas necesidades do país. Carlos Lema, Fabiola Sotelo, Xosé Ramón Barreiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Manolo Bragado, Helena González, Dolores Vilavedra, Sira Vidal, Anxo Louzao e Fernández del Riego son os testemuños que recollimos para achegarnos a unha cuestión que este ano resultou polémica coa reclamación de varios sectores para converter en lectiva a xornada.

“Hai que buscar alternativas”, asenta a anterior presidenta dos editores galegos, **Fabiola Sotelo**, antes de abondar na necesidade de buscar un “outro día das Letras Galegas”. E máis, segundo Sotelo, “gran parte do mundo da cultura está, a día de hoxe, en contra: en contra de cómo se move, de cómo se promove e en contra de que sexa unha data festiva. É preciso que o sector se una neste sentido para presentar novas propostas: novas propostas que emerxan non só do mundo da cultura senón tamén da sociedade en xeral”. Deste xeito puxo sobre a mesa –a que xa é nova directora da Fundación Iniciativa 21, que preside Ramón Máiz– o debate que hai uns días se abriu no Consello da Cultura Galega. Nese debate, incidíase sobre a necesidade de asentar o 17 de maio como un día laborable sen que, en ningún caso, supuxera a perda no calendario dunha xornada festiva. Atende Fabiola Sotelo, como moitos, ao modelo catalán e tras a estela do 23 de abril, Día do Libro, detrae o anxeio de converter en sinónimos 17 de maio e festa da cultura, cando festa e día abre o abano a unha maior participación social. “O 17 de maio só hai dous actos institucionais. Os libeiros saen á rúa e non hai xente”, traxera tras o compás dunha xornada que se pide, recunha, “que sexa laboral”. “A RAG sempre estivo a favor de que fora así”, quixo engadir Fabiola Sotelo nunha sentenza que negou categoricamente o responsable da RAG, **Xosé Ramón Barreiro Fernández** quen, nada máis tomar posesión da cadeira presidencial en substitución de Fernández del Riego, constituíu unha comisión para estudar qué facer co 17 de maio.

Finalmente, relata Barreiro, “mantívose a idea do festivo e do acto institucional da RAG” o que non supón –destaca– que non se alente a cooperación das asociacións de veciños. Pon nesta liña Barreiro Fernández algúns exemplos, como a experiencia que se deu na Coruña: “A asociación Cidade Vella, un colectivo que se move tamén na Rúa Tabernas onde está situada Academia, fixo unha peregrinación polas casas que teñen un sentido histórico. Durante o percorrido un escritor facía parada e falaba de cada unha delas”.

Deixa así aberto Barreiro o convite a todos os colectivos sociais: “Independentemente do acto oficial, outros colectivos teñen a posibilidade de facer outras cousas”, salienta sen deixar de aclarar que o propio presidente do Goberno Galego, Manuel Fraga, lle asegurou persoalmente que “non existía ningún problema político para converter o 17 de maio en laboral”. “Incluso tampouco hai problema para compensar con outro festivo”, subliña o titular da RAG.

Sen ánimo de reducir o debate á petición dun día laboral, para o editor **Manuel Bragado** cumpría facer unha observación xeral: “Tal como imos, debálanos”, destacou o responsable da editorial Xerais quen, contundente e con ideas claras, radio-grafa o actual 17 de maio dende as ancoraxes dunha festa cada vez “máis litúrxica” e “menos popular”.

“Precisa un rebulsiño”, comenta antes de apremiar a súa urxente transformación que o editor asenta sobre tres vías. A primeira: “revertila de día festivo en laboral e lectivo, co fin de que o traballo dos centros de ensino, que son auténticos defensores da festa, adquira unha maior brillantez”. A segunda: “Non excluír os autores vivos de ser elixidos para seren homenaxeados xa que, o criterio de honrar aqueles que levan máis de dez anos mortos, é unha medida que está fosilizando a cultura galega. Afasta os autores novos e leva a pensar que a literatura galega é algo do pasado”. E terceiro: “Artellar novas medidas arredor da comunicación para que o 17 de maio sexa un día de auténtica mobilización popular. Debe haber unha forte comunicación institucional, que lle correspondería á RAG, contando coa colaboración das institucións municipais e co asociacionismo cultural”.

Sabe Bragado que hai medidas difíciles de adoptar, como honrar a figura dun autor ou autora vivo na data do 17 de maio, anque está convencido de que lle daría pulo á celebración igual que comina a idear unha nova estratexia de comunicación que suporía, segundo precisou, “ter en conta todos os vehículos da mercadotecnia e a comunicación audiovisual”. Aínda máis. Volve Bragado sobre a rosa que espaxa o 23 de abril, o Día do Libro, para inci-

dir na importancia de que Galicia busque o seu símbolo: un símbolo que se engaste na “memoria, o orgullo e a esperanza que debe ter o 17 de maio”.

“Trátase de refundir– conclúe Bragado– a efeméride no século XXI sabendo o papel que tivo nas últimas décadas; dende o franquismo ata a autonomía e dentro nun proceso de máis madurez cando contén unha literatura nun momento espléndido e unha situación da lingua, canto menos, preocupante”.

Unha simple cuestión de orde práctica como é o peche das librerías, é un dos piares dunha demanda que no mundo da cultura é, dende hai algún tempo, unánime: a conversión do 17 de maio nun día laboral. Para algúns é precisamente o 23 de abril, día do libro unha das referencias desta transformación, anque como apunta a crítica literaria e profesora da Universidade de Barcelona, **Helena González**, non son datas totalmente equiparables: “Para o catalán non só é unha festa nacional e da cultura senón que tamén é o día do amor”.

Non tendo o 17 de maio a mesma simboloxía, cadra Helena González tanto con Bragado como con Fabiola Sotelo á hora de reclamar que o Día das Letras Galegas sexa un día lectivo. “É preciso –mantén– que se inclúe a compra dun libro dentro das súas actividades como cidadán”. Tamén cre Helena González que o 17 de maio non debe vincularse á figura dun autor determinado xa que, ó seu entender, levou nos últimos tempos a unha sorte de “liturxia funeraria”: “trátase –destaca– de devolverlle a vitalidade a unha data onde todos nos sentimos implicados”.

Celebrar a cultura non é, para Helena González, celebrar un autor, anque considere que cando menos é bo que haxa un elemento novo cada ano. “Podería non haber un autor e non pasaría nada”, advirte ela e apela a unha idea: facer a data menos institucional e máis viva.

“Cando cadra nunha ponte, como este ano, acabouse”. Deste xeito ilustra **Dolores Vilavedra** a súa chamada para converter en laborable a data do 17 de maio nunha declaración que a crítica literaria enclava ademais tras o “eco dos libeiros”. Bota en falta Vilavedra que o Día das Letras perdera o sentido reivindicativo, como o que tiña hai vinte anos, a favor dun sentir máis conmemorativo sobre o que a filóloga non deixa de cuestionar o seu carácter pechado: “Debe abrirse o espectro das figuras homenaxeadas para contemplar nomes da cultura no seu concepto máis amplo”, destaca coa idea de facer partícipes e integrar na data para a súa homenaxe dende homes e mulleres da pintura ata escultores; da música á investigación; da edición aos actores ou actrices.

Recuperar o sentido reivindicativo e recuperalo, sobre todo, no ensino é outros dos factores que esta muller de letras destaca para a revitalización do Día das Letras: “O mundo do ensino debería de volver non só sobre a figura honrada senón tamén sobre determinados aspectos da cultura en xeral”. “Debería –conclúe– ser o Día do Idioma Galego”, precisamente para confirmaren esa tese e tentar abarcar non só as letras senón a cultura en xeral. Un chamado ás institucións, coa implicación do Goberno nas actividades da vida social, e un chamado ós sectores sociais para “facer un esforzo e arredarse da institucionalización”.

Na idea de que sexa un día “menos litúrxico” recunha o coordinador de edición de Galaxia, **Carlos Lema** que lanza ó fío do debate dúas interrogantes: ¿como espallar o sentido dun Día das Letras durante todo o ano? ou ¿como se pode artellar unha política cultural efectiva arredor do 17 de maio? A idea dun día laborable ten para Carlos Lema todo o sentido “sempre que se encha de contido” ao tempo que entende “precisa e necesaria” a institucionalización da data que, segundo apunta, “non debería pasar por ser o único día que os xornais publiquen as súas portadas en galego”. “Tanto as institucións como as asociacións culturais teñen que debater qué queren facer co Día das Letras” subliña logo de incidir na importancia do papel do ensino na medida en que os rapaces e rapazas aprenden un autor e se achegan a súa obra.

E se repara Carlos Lema na pegada institucional é porque considera que o aspecto social ten naquel o seu “arrinque”. “Haberá que falar do asunto”, di quen, á fin, advirte que “a sociedade terá


que asumir a cultura galega con todas as consecuencias".

Sobre a mesa deixa máis preguntas para a reflexión: ¿cal foi a repercusión social do 23 de abril? ¿Cal é o futuro da nosa lingua? Preguntas nun dominó de cuestións que xorden á hora de valorar o modelo San Jordi dende o seu aspecto comercial, social e cultural. Como artellar os tres aspectos é algo que, para Carlos Lema, "haberá que ver". Mentres, unha advertencia: "é importante que os medios asuman o galego e, a poder dun Día das Letras, non creo que se consiga".

Sendo o ensino tronco fundamental na xesta do Día das Letras, detrae a profesora **Sira Vidal** aspectos negativos e positivos da xornada nunha lectura que abrolla do seu traballo na propia aula. Positivo é para Vidal a mesma existencia da data e o seu carácter reivindicativo porque, destaca, "está ben que se recuperen figuras importantes das letras do país". Negativo é, na súa opinión, que se tente "folclorizar a data". "Que sexa un día D máis: un día D sen contidos nin continuidade que non vaia máis alá", afirma tras recordar como os xornais engalanan as portadas en galego por un só día e como "o feito de que sexa festivo incide negativamente no aspecto folclorizante". "O contido –di– reivindicativo e de recuperación literaria queda esvaído tanto no ensino como a nivel social".

Hoxe, a golpe de xoves e trala resaca das Letras, sa-

apúranse edicións para avanzar na descuberta do homenaxeado dende o día en que Galicia enteira celebrara por primeira vez no 1963 o 'Día das Letras Galegas'. "Do mesmo xeito que, a nivel da lingua castelá, anda a celebrarse o 'Día do Libro', quería establecer unha conmemoración semellante consagrada á lingua galega", relata o ex presidente da RAG, **Fernán-dez del Riego** quen ideara con Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo a procura dunha data significativa consagrada á lingua galega. Pareceu a máis axeitada a do 17 de maio que figura na dedicatoria de 'Cantares Gallegos' a Fernán Caballero. Era o ano 1963, no que se cumpría o centenario daquela dedicatoria impresa no sonado libro rosaliano. Baseáranse –relata Del Riego– nos seguintes motivos: "Que 'Cantares Gallegos' fora a primeira obra de prestixio universal coa que contou a Literatura galega contemporánea. Que a celebración convidaba a considerar o significado da mensaxe transmitida no volume. Que o mellor xeito de acadalo sería que a Corporación académica acordase declarar 'Día das Letras Galegas' o 17 de maio de cada ano. Que a data conmemorativa serviría para enaltecer e difundir o libro escrito no idioma propio". "Galicia enteira –describe Del Riego– celebrou no 1963 o 'Día das Letras Galegas' por vez primeira. Ao sartego rosaliano, en San Domingos de Bonaval, aos monumentos que as cidades do país lle



en nenos e nenas a moreas pola porta do instituto. "¡E que este ano cadrou ben, polo menos cadrou a luns e fomos ver a avoa!", di unha nai entre prásas que responde aquilo de "¿como ve a homenaxe a Xocas? cun 'ese é o do carro, ¿non?'". É a escola, o mundo do ensino, balanzo e cerna da sociedade futura. Tamén, un dos piares da propia data. Sobre os balanços do 17 de maio no ensino abonda **Anxo Louzao**, responsable da CIG-ensino: "Pensamos que non pode haber unha data que xustifique o que non se fai". Debe ser, apontoa, "un día de balanzo do que se fai en todo o ano e non un lavado de cara do que non se fai en 365 días".

Deste xeito denuncia Louzao "un modelo desgaleguizador que non cumpre os mínimos esixidos por lei na aplicación e uso de galego nas aulas" nunha denuncia que este sindicalista fai ante "a pouca vontade de defensa da nosa cultura". "O 17 de maio debe ser unha data reivindicativa e festiva arredor da identidade e pondo en valor un idioma propio que non se pode perder", aclara Louzao para quen, dende a perspectiva do ensino, o feito de que o 17 de maio sexa ou non festivo é "algo secundario": "O avance na normalización lingüística non depende de que sexa ou non lectivo. O que preocupa é que se faga extensibel aos 365 días do ano".

É o 17 de maio un día de indubidábel valor e referencia editorial. Como cada ano, idéanse propostas e

ergueran á poeta, chegaron ramallos de flores da primavera galega. Lecturas rosalianas, conferencias, exposicións conmemorativas, tiveron lugar na sinalada data: un 17 de maio que quedaría xa como a xeira de exaltación e espároxamento das letras autóctonas. Pero non foi só nas cidades onde se conmemorou. Nas vilas e nos centros de emigración realizáronse tamén sesións recordatorias, conferencias, recitais, exposicións e vendas de libros".

A festa literaria do galego vese hoxe con anxeos de transformación. "É necesario o cambio e que volva ser un día lectivo", asegura o poeta e editor **Miguel Anxo Fernán-Vello**. Ó seu xuízo, "o festivo desactiva a participación cidadán": "un festivo induce ao lecer, ao descanso e á viaxe e desvincula a cidadanía do que debe ser un día no que o centro é a celebración da literatura e as letras galegas".

Repara Fernán-Vello –quen definiu a Festa do Libro en Cataluña como "unha festa de civilización"– no que supón a data nas escolas: "Perde intensidade", subliña quen considera que "nos últimos anos asistimos ao declive da xornada" e que o idóneo sería que se trasladara a data do festivo do 17 de maio ao 18 de agosto, Día da Galiza Mártir, en homenaxe a un dos pais do Partido Galeguista e do Estatuto Bóveda, fusilado tralo golpe de 1936.

S. Noia e A.R. López



Rúa da Paz

No Ourense de Xaquín Lorenzo 'Xocas'

X. L. Méndez Ferrín

Dedícanlle a Xocas o Día das Letras Galegas e eu entro na memoria e represéntaseme o espazo no que o etnógrafo e erudito galeguista deixou pasar os mais dos días da súa vida. Era Ourense, que eu aíullo na acordanza na Rúa da Paz, onde lembro estaba a casa na que vivía o Xocas, un delgado e serio profesor de ensino privado (Colexio Cardinal Cisneros, nome de época), xusto por fronte do predio propiedade dos pais de don Ramón Otero Pedrayo e no que, alén de nacer este, viñera tamén ao mundo un naipelo Vicente Martínez-Risco e Agüero cuxos xenitores vivían arrendados aló. O Ourense máis próximo ao Xocas era este que digo.

Primeiro a comunidade católica, á que sempre pertenceu o conmemorado, que se centraba na parroquia de Santa Eufemia, en cuxa pía de batismo fomos introducidos sen nos pedir permiso tamén Xaime Quessada, Blanco Amor e máis eu na Santa Madre Igrexa. Tamén foron alí asperxidos outros meniños máis destacados ca min no mundo da cultura que perseveraron na súa fe; estes últimos, os citados Risco e Otero. Iso en primeiro lugar, porque no vivir e na fisonomía social do Ourense Antigo a pertenza a unha ou outra freguesía do centro urbano (Santo Domingos, Santa Eufemia ou a Trindade) imprimía un carácter diferente. Un psicólogo social perspicaz podería, mesmamente, percibir riscos distintivos nos ateos ou libre-pensadores ou mesmo conversos e protestantes da comunidade dirixida polo farmacéutico Carnicero na Ponte, segundo estes procedesen da demarcación de Santa Eufemia, dor da Trindade ou da de Santo Domingos.

Ourense é o universo do Xocas limitaba coa Praza do Ferro, onde se encontraba o ca-

xio de piso de Mercedes de Gracia, "A Profe" chamada por todos, na que non se rezaba nunca e na que fomos para ingreso moitos dos meus amigos e máis eu. Tamén unha minúscula bombonería cuxa dona era unha elegante señorita vella que se depilaba e pintaba as cellas con lápiz carbón: a 'Tropical'. De seguido (aínda aí debe de encontrarse) un cheiro a pemento, a alparagata castellana e a aceitunas a granel avisábanos de que pasabamos por onda 'Los serranillos', establecemento de comestíbeis que, non embarcantes a súa importancia, carecía de licencia, coma o Santorum ou os Alonsos, para expender artigos do racionamento. Xa na esquina co largo que aínda se chama de Ceano Vivas (o comandante que liderou a sublevación fascista de 1936 en Ourense), o maravilloso bazar Puga, do que dependía tamén a emisora de radio local, era o paraíso da xoguetería en días que moi poucos meniños de Ourense recibían enredos de Alcoi por Reis. Daquela non había Santa Claus nin árbores de Natal.

Logo, na rúa do Xocas, na Da Paz, estaba e



fé máis antigo da cidade, so os soportais, chamado 'La Peña', que, sendo sitio de moda no Romantismo, terminou como baiuca de drogodependentes, e mais, noutro extremo, co patín da Catedral, en cuxos baixos era o obradoiro e tenda de xoiería dos Cid. Na Praza do Ferro puxeran os liberais e os progresistas a grande fonte abacial, nacionalizada nos días de Espartero e Mendizábal na abadía de Oseira ou así, e vendíanse aprehos de labranza nos días de feira. De modo permanente, tiñan alí tenda aberta os ferralleiros vascos pasados por Taramundi, coma os Zarauza, os Vega, penso tamén os Aguirre.

Entre a Praza do Ferro e o precitado Patín da Catedral, discorría a Rúa da Paz, chamada así pola Vergara (e discorre). Esta rúa era chamada na Idade Media dos Zapateiros. Sigue aínda agora habendo alí zapatarías, unha das cales, "A de Anta" está hoxe convertida nun acolledor café.

Nos anos corenta, que foi a época en que eu, en estado cachorro, coñecín de lonxe o Xocas, na Rúa dos Zapateiros había moitas curiosidades; a primeira, a pasantía ou cole-

está o Teatro Principal, que eu vivín coma un lugar de ensoño cinematográfico, a pesares da súa decrepitude, e como un espazo máximo no que moitos meniños eramos ensaiados e alí representabamos cadros escénicos e mesmo ballets en veladas benéficas dirixidas polo señor Madriñán. Meu pai fixérame esta observación: "A Rúa da Paz foi a do señorío ourensán, até o punto en que o paseo de moda celebrábase alí, xirando a mocidade acomodada interminábelmente arriba e abaixo". Razón pola cal as acomodadas familias de Otero, Risco e Xocas escolleran a Rúa da Paz para a súa residencia.

Este cronista, cando escriba as súas memorias, se é que fai tal, dedicaralle un capítulo á Rúa da Paz de Ourense, que el recorda suxa, empobrecida, con galerías de vidros rotos e madeiras escanastradas que se abrían ao sol escaso da cidade vella sobre o Eirociño oficialmente coñecido por 'Plazuela del Cid'. Hoxe merece a pena de ser lembrada en memoria de Xocas a Rúa da Paz. E tendo presente aos patriotas da Resistencia árabe en Iraq.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

A marcha mundial das mulleres



De novo, o debate está nos foros e na rúa, porque a ameaza dun modelo patriarcal –tan cerca da barbarie– esixe “marcar as diferenzas”. A anulación das diferenzas encinta o modelo único, o pensamento único, a economía global. Un sistema que, lonxe de anular as desigualdades, as afianza e afonda. E “¿quen sae reforzado?” pregúntase a feminista Sendón de León: “sen dúbida –advirte– o modelo dominante e dominador, o máis forte. Eso si: todos podemos xogar á Bolsa de valores, incluso os que gañan vinte rupias ao día. ¡Menos mal! ¡Qué consolo!”. Parece que unha determinada forma de entender a igualdade provén dunha idealización do suxeito masculino, versión Simone de Beauvoir seducida pola misoxinia de Sartre. Sen embargo non se pode ser iguais se non se cuestiona o modelo social e cultural androcéntrico.

Diferentes si desiguais non

Eis o feminismo como forma de entender o mundo, como camiño de transformación social: no doméstico e o público porque o desafío é global e en todas as fronteiras. A Plataforma mundial das Mulleres que naceu en Quebec a finais dos noventa recalou en Galiza– punto cero da marea negra– os días 22 e 23 de maio baixo o lema ‘Diferentes si, desiguais non’ na loita contra a feminización da pobreza e a violencia de xénero. A xornalista, biógrafa da actriz María Casares e muller da Marcha, Arantxa Estévez achega para RDL unha crónica da mobilización europea en Vigo da Marcha Mundial de Mulleres 2004; un Diario tralo andar de trinta mil mulleres que comparten soños e esperanzas: porque “somos diferentes, mais non queremos ser desiguais!”, proclaman trala certeza de que outro mundo é posíbel.



Diario dunha marcha

Arantxa Estévez

Trinta mil mulleres. Dous días. Vigo. Mobilización europea da Marcha Mundial das Mulleres. Contrასinal: 'Diferentes si, desiguais non'. Obxectivos: loitar contra a feminización da pobreza e a violencia de xénero. Baixo un sol espléndido, desenvolvéronse tres foros de debate e reflexión, a Feira Feminista, concerto en Castrelos e a manifestación reivindicativa con delegadas de toda Europa. A plataforma mundial que naceu no Quebec a finais dos noventa recalou na Galiza os días 22 e 23 de maio. As mulleres do país implicáronse nesta mobilización de tal maneira que resultou un éxito, non só polas cifras senón polo debate, o intercambio de experiencias e as propostas que saíron desta fin de semana. Esta é a crónica da mobilización europea 2004 da Marcha Mundial das Mulleres.

Venres 21

O primeiro café na praza da Constitución, punto de encontro para as delegadas que chegan a Vigo a participar na Coordinadora Europea da Marcha Mundial das Mulleres. Atopan unha cidade empapelada de cartaces que anuncian os foros, a feira, o concerto e a manifestación. Programa completo. Co sol que vai e sen tempo para ir tirarse á praia.

As 31 delegadas van chegando por tandas á facultade de Filoloxía, arriba no campus universitario. Alí, ademais das anfitriñas, representantes de Belxica, Suíza, Holanda, Francia, Grecia, Italia, Portugal, Serbia-Montenegro, Euscadi e Cataluña. A orde do día é longa con parada para xantar. Hai que abordar aspectos importantes como o lanzamento da Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade e debater a proposta dun secretariado europeo para a Marcha. As estudantes que exercen de tradutoras e intérpretes teñen traballo arre-

o. A Anha Selic, chegada de Serbia-Montenegro, extraviáronlle a maleta no Porto. Veu por París e pensa que foi nese transbordo onde lla perderon. "As organizacións de mulleres en Serbia non teñen fondos nin maneira de financiar a nosa presenza nas mobilizacións europeas e internacionais. Esa é a explicación de que viñera eu soa", explica. Está contrariada polo da maleta, pero Raquel, a intérprete, e Bárbara, da Coordinadora Galega da Marcha, lévana cear ao Carballo: empanadillas, luras e tortilla. A Anha empezásele a esquecer o da maleta. Na Feira van tomando forma as Carpas. Men-

na, veterinaria, labrega e teórica, pertence á Asociación de Mulleres Mexicanas Organizadas en Rede (AMMOR). Un dos seus obxectivos é "loitar polas políticas públicas que lle dean unha maior seguridade e oportunidade de estabilizarse ás empresas de mulleres que se instalan no sector rural co fin de seguir cooperando con alternativas que teñan como resultado un mellor nivel de vida e de traballo para as habitantes desas zonas, a permanencia da xente nas súas comunidades, e o afortamento das redes de mercados locais e comunitarias que abastezan á poboación local, así como promover cadeas agroalimentarias que permitan que as mulleres e a mocidade que non está participando na produción agropecuaria directamente por falta de terra, o faga noutros procesos como a transformación, a comercialización ou o deseño de empresas".

Ateigado está o auditorio do Centro Social Caixanova para asistir ao foro sobre a espiritualidade. Alí está Paz, muller comprometida coa Marcha e unha das responsábeis deste foro, respostando a todas as curiosas que lle preguntan de que vai aquilo. Do poder creador, do poder ser, que se traduce en historias de corporeidade e resistencia. Pode soar algo místico pero as 350 asistentes saen con cara de relax despois de bailar as coreografías que Victoria Hernandez, unha das ponentes, adapta para as liturxias relixiosas.

Ao remate dos foros da mañá, saír pitando para a Feira. Seica na Carpa de Inmigración as mulleres americanas e africanas que viven en Galiza preparan xantares tradicionais das súas terras de orixe. E hai fame. Paramos coas uruguaias e arxentinas, que preparan arroz e doce de leite e quedamos retidas no stand brasileiro das caipirinhas. Vai moita

rdL | 5
Galicia Hoxe 27/05/04



tres os operarios rematan de montalas, as mulleres que se encargaron de deseñar os seus contidos agardan baixo a lúa para encher esas casas de tela branca baleiras. Enchelas de liberdade sexual, de saúde, de inmigrantes, de educación igualitaria, de antimilitarismo, de mozas, de conciencia ecolóxica, de medidas contra a violencia de xénero. Algunhas déitanse ás cinco da mañá. Hai nervios; ademais choveu un pouco pola tarde.

Sábado 22

Ben, vai un calor abraiante. Ás 9 e media xa están formadas varias ringleiras fronte á mesa de acreditación dos Foros de Debate e Reflexión. Son tres; pola mañá desenvólvense "A sustentabilidade ecolóxica: alternativas feministas" e "Mulleres e espiritualidade, corporeidade e resistencia". No primeiro, Lidia Senra e Rosa Isela Serrano, subliñan a necesidade de humanizar as políticas agrarias. Na quenda de debate, unha asistente quéixase de que a auga que están bebendo as ponentes vén dentro de botella e que deberíamos ter servido unha xerra de auga da billa para amosar o noso compromiso ecolóxico.

Lidia, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego desde hai máis de quince anos, xunto ás súas compañeiras leva exercido de guía de Rosa Isela nos cinco días que leva xa na Galiza. Esta mexica-

calor. Enterámonos nese momento de que hai problemas para que Souad-Massi saia de París. A cantante franco-alxeriana é unha das artistas que conforman o programa do concerto de Castrelos. Iberia non a deixa embarcar nin a ela nin a dous dos seus músicos polo seu pasaporte. Ao anular o convenio de Schengen pola voda real, necesitan un visado, algo co que non contaban. Está intentándose que viaxen por Porto en vez de por Madrid, pero semella difícil que cheguen a Castrelos a tempo.

Diante das carpas de Ecoloxía e Antimilitarismo a xente toma o sol e bebe fóra mentres dentro visita as exposicións. En Liberdades sexuais estase celebrando un obradoiro e ultiman os preparativos da súa proposta gastroerótica. Erótica non sabemos, pero alí hai de xantar ata caer de cu; unha hora despois, están todas bailando. Ducias de mulleres sentan no chan do espazo de Feminización da Pobreza escoitando testemuñas que confirman que os dereitos laborais das mulleres tamén están polo chan e piden un pouco de silencio para as que entramos sen decatarnos. Mentres subimos de novo as Foros, lemos nas escaleiras do náutico os nomes das mulleres asasinadas polo terrorismo de xénero e paramos na Carpa adicada á Violencia de Xénero, que acolle un grupo de galegas e holandesas. Cruzámonos con Diane Matte e Brigitte Verdiere, da Coordinadora Internacional da Marcha, que comen pola zona vella. Os hostaleiros portáronse: case todos os establecementos teñen o cartaz co programa da mobilización.

As inscristas da tarde xa están recollendo as súas acreditacións para o Foro no que se pretenden debater as alternativas das mulleres no proceso de elaboración dunha Constitución Europea. Entre as que recollen o material, un home insiste e unha muller da Marcha de Ferrol explícalle pacientemente: "Por cuestións de aforo e porque se trata dun debate entre nós, esta é a única actividade na que non se permite que vos matriculedes os homes. Podes ir dar unha volta á Feira ou a bailar ao Castrelos". Retírase contrariado e disimula a saída do Auditorio Caixanova. Pero outra compañeira de Ferrol detecta a estratexia. ¡Ai el vai!, berra entre risos. O home desiste e as de Ferrol, que son moi boa xente, danlle a carpeta cos relatorios para que polo menos poida lelas nun banco da rúa.

Novecentas mulleres participaron nos tres foros, sendo este da tarde o máis concorrido. Todas de acordo: non queremos esa Constitución que están debatendo os xefes de Estado e da que só transcenden as súas loitas polo repartimento de poder. Diane Matte, unha das responsábeis de que exista esta plataforma que se chama Marcha Mundial das Mulleres, participa cun relatorio. "É preciso dar conta do espazo específico da mundialización sobre as mulleres xustamente en momentos que se esquece a cuestión da diferenza sexual na análise da mesma". A competitividade, a lóxica de mercado, a orde desregulada, a caída de puntos do índice bursátil, son prácticas inspiradas por espíritos masculinos.

"Non pode existir unha análise global sobre a situación das mulleres á hora da mundialización sen unha dobre referencia a dous sistemas de explotación: o capitalismo e o patriarcado, que se reforzan mutuamente e se retroalimentan para manter as mulleres nunha situación de inferioridade cultural, de desvalorización social, de marxinalización económica, de invisibilización da súa existencia e do seu traballo, de mercantilización dos seus corpos; situacións todas que se refiren a un traballo sistemático de exclusión".

As asistentes baten moitas palmas neste último foro de forte contido reivindicativo e saen a lume de carozo a ver se chegan as últimas actividades da Feira. O cabaré feminista xa está empezado, pero aínda chegan á actuación de Pepa Berreiro con As Troianas na carpa de Antimilitarismo. Todas repiten o mesmo: que mágoa que as carpas só abran un día, porque os contidos son moitos e dan para reflexionar. Saímos bailando en ringleira, que ao concerto de Castrelos quedalle pouco para empezar.

[Leti, que aquí non chove]

Aínda é de día cando as Cantareiras de Trasancos saen ao escenario a quecer o ambiente. Cinco minutos antes daban chimpos polo camerino mentres nos dicían que "o da igualdade, moi chungo". Séguenas as Tucanas, auténtico espectáculo de percusión chegado de Portugal. Elas inventan os seus instrumentos, sexan potas sexan cabazas. E, como moitas mulleres de Portugal, preocupadas na súa loita contra a despenalización do aborto. "A situación en Portugal supón o aborto clandestino en condicións de risco para as mulleres, perseguindo a médicos, traballadoras sanitarias e mulleres que deciden abortar", din.

Nati e Pajarito resultan divertidísimas como presentadoras do concerto. Improvisan entre actuación e actuación como quen acende un cigarro. Non teñen ningún reparo en chamar cutre a toda esa xente que está sentada no anfiteatro de Castrelos sen pagar a entrada ou en lembrarlle á recentemente casada "Leti, aquí non chove, aquí non chove". Len tamén o comunicado da axencia que representa a Souad-Massi e no que se explica que non puido embarcar no avión en París. Mercedes Peón enche de forza o escenario despois da voz envolvente de Uxía e a Amparoia tócalle a fin da esta rachada. "¿Os principais problemas das mulleres no mundo? A pobreza, o acceso á educación e a falta de algo tan básico como a auga", comenta Amparo para acto logo dicir que ten moitas ganas de participar na manifestación do domingo.

Son máis das catro da mañá cando recolleemos o tendereiro despois de bailar 'wellcome to Tijuana, tequila, sexo e marihuana'. A Ester, Laura, Marian e o resto das compañeiras das barras aínda lles queda labor ata as seis. ¡E queren ir á manifestación!



[Domingo 23]

Intentamos conseguir as bandeiras lilas no posto da marcha pero case é imposible acceder a Luz e ás outras mulleres que alí están atendendo. Na avenida de Madrid van chegando os autobuses coas mulleres galegas que non estiveron en Vigo o sábado: Ames, Ordes, Compostela, Ponteareas, A Coruña, Moaña, Pontevedra, Caldas, Carballo. Moitas traen pancartas propias, algunhas moi traballadas como as das mozas do Condado. A praza dos Cabalos estase enchendo. "Somos guapas, somos listas, somos todas feministas". Se hai que escoller o hit da manifestación, foi este. Houbo repertorio abondo, pero como que esa colmaba as aspiracións de todas. O segundo tema no ranking-manifestación aquel que di "Imos queimar a Conferencia Episcopal por machista e patriarcal". E o terceiro, contundente: "Son lesbiana porque me dá a gana". Na cabeceira, as representantes da Coordinadora Europea portando a pancarta co lema da manifestación: "Por unha Europa de todas. Diferentes si, desiguais non". Detrás, mulleres da coordinadora galega, as bascas coas súas ikurriññas e a súa coreografía propia, as holandesas contra a violencia de xénero, non entendemos moi ben o cántico das francesas, as belgas repartindo folletos, as madrileñas do Consello da Muller, as de Cidade Real que foran durmir a Pontevedra, as de Valladolid con Doris Benegas que participou nos foros, as gregas mesturadas coas de Compostela, as malagueñas que xa saen batendo palmas da praza dos Cabalos "con fuerza y poderío", os colectivos de Brasil e Arxentina tamén se fan notar. Tamén está Anha, a serbia, contenta pola aparición tardía da súa equipaxe.

Representantes das institucións e da política van saíndo detrás da morea de bandeiras lilas e, por último, vemos a Dolores, incansábel representante do Comité Indíxena Popular Guaxaca de México, que leva unha semana por Galiza e que pasou todo o sábado na Carpa de Antimilitarismo da Feira. Di que está moi contenta por ter coñecido a tanta xente e levar no peto tantos proxectos e contactos.

[Beben e comen]

Alternativas feministas, percorrido alternativo. Imos pola rúa Venezuela, Camelias e rematamos nas Travesas. Non para de chegar xente de aquí e

acolá. A Policía local non sobe a cifra de 20.000. Insistímolle en se están seguros e aplícanos a súa fórmula superficie-densidade humana. Non os cremos. Aquí estamos as trinta mil e máis. As mesmas que algún representante da hostalería non cría cando lle presentaron a mobilización. "É que se fora un acontecemento deportivo. Pero, ¿30.000 mulleres?", dicía incrédulo. Pois aí están, na praza de América. E, aínda que son todo menos hooligans, beben e comen como calquera. Vitoria é a primeira en falar desde o palco para agradecer a todas as mulleres que se ofreceron voluntarias para chollar nos Foros, na Feira, no Concerto, onde fora. "Pedímosvos perdón se non soubermos aproveitar todos os vosos ofrecementos". Lupe, de Ferrrol, está fóra de si e dálles a benvinda a todas as delegacións. Lembra que acaba de aparecer morta outra muller, esta vez Marina en Ourense, e pide medidas integrais contra a pobreza en Galiza. "¡Solidariedade coas mulleres kurdas e palestinas!". En español e francés, María Casares (chámasse como a actriz), filla de emigrantes en Suíza e representante da Coordinadora Europea, reclama a berros igualdade, e pecha o acto Diane, que en inglés, sinala que "as mulleres de Europa esperan que as organizacións feministas deamos respostas e propostas para os seus problemas". Vigo convértese xa no punto de arranque da Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade, un texto do que xa está redactado un bosquejo. Isto remata. Que rápido se consomen os meses de traballo das organizacións e mulleres galegas. Cantamos o kápire coas Cantareiras, esa canción internacional da Marcha que se adapta en cada país, e que entoa-mos todas aínda que con cambios nas letras. Dúas holandesas deixan a praza coas súas coroas de plástico parodiando as vodas reais e xunto a elas unha moza de Asturias vestida cunha camiseta co lema "me importa un pito la boda del principito". Apertas, bicos, parabéns e algunha bágoa. A próxima cita, a mobilización mundial nalgún lugar de África o vindeiro ano 2005. Vémonos alí.

As imaxes que ilustran este monográfico corresponden á Marcha Mundial de Mulleres do 2004 en Vigo realizadas por Salvador de Sás (páxinas 2, arriba, e 4) e por Maite Gimeno (páx. 5). A imaxe da páxina 2, inferior, corresponde ás Cantareiras de Trasancos que participaron no concerto en Castrelos xunto coas Tucanas de Portugal (Páxina 7). A fotografía da páxina 6, de Nacho Santás, ilustra un momento da marcha contra a violencia contra a muller en Compostela no 2002.

